

Memoria económica e de transparencia do convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Ordes para a reforma de local social de Santa Cruz de Montaos, **dentro da categoría de "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca"**.

Expediente: CNV22_10

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Agader, entre outras funcións:

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





-Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.

- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais

- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.

- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, vén apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectossenlleiros.pdf), no que conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuir á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social da actuación proposta

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria.

A Agader e o concellos son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das





infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

O 09 de xuño de 2022 o Concello de Ordes presentou unha solicitude de colaboración, xunto cunha memoria técnica valorada, para a execución das obras de que se trata para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".

Xunto ca solicitude achegou o proxecto técnico "Reforma de local social de Santa Cruz de Montaos", onde se propón a mellora, reforma e reparación de deste espazo público por ter un marcado significado social e cultural na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público que satisfaga as necesidades da venciñanza.

Neste caso o proxecto presentado polo Concello de Ordes "Reforma de local social de Santa Cruz de Montaos", propón a mellora exterior e interior dun edificio de planta rectangular con dúas alturas, cunha superficie de construción de 292 m², construción do ano 1952 situado no Lugar Igrexa, Montaos Ordes e destinado a local social. A edificación ten unha cuberta de fibrocemento con amianto que presenta deficiencias e precisa da necesidade de substituíla por un novo panel sándwich. Por outra banda, precisa da mellora de elementos interiores como a renovación da inсталación eléctrica do local, así como a renovación de parte do pavimento e portas, pintura interior e pérgola de entrada ao edificio.

Neste caso, a singularidade do proxecto do Concello de Ordes reside na promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca. O local social de Santa Cruz de Montaos onde se levan acabo actividades actividades lúdicas, culturais e educativas constitúe un lugar de encontro e relación veciñal que incentiva o desenvolvemento da comarca.

Polo tanto, trátase dun proxecto que reforza o Concello de Ordes, tanto como entidade coordinadora do desenvolvemento socioeconómico do seu territorio como o seu potencial territorial, entendido este como unidade xeográfica. A reforma do local social de Santa Cruz de Montaos ten como fin a mellora da calidade de vida da poboación que reside nesa parroquia e a contribución da fixación da poboación dese núcleo de Ordes.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación. Neste caso o proxecto presentado polo Concello de Ordes "**Reforma de local social de Santa Cruz de Montaos**", propón a mellora, reforma e reparación de deste espazo público por ter un marcado significado social e cultural na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público que satisfaga as necesidades da venciñanza.

A subvención directa decídese en base a criterios obxectivos, que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros. En concreto, na regra 3.- Categorias de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías seguintes:

C) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca:





- a. Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, por teren un marcado significado social, cultural ou educativo para a comarca na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características.
- b. Actuar en relación ao patrimonio inmaterial da comarca para recuperalo, conservalo, protexelo, divulgalo ou desfrutalo.
- c. Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.

TERCEIRO.- Financiación

A Agader e o Concello de Ordes, queren levar a cabo un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 10/11/2022 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2022.

- PROXECTO "Reforma de local social de Santa Cruz de Montaos", orientado á Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.
- ORZAMENTO: Corenta e oito mil trecentos sesenta e oito euros con cincuenta e oito céntimos (48.368,58 €) para a anualidade do 2022.
- Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 -Código proxecto 2017 00003 dos orzamentos de Agader para o ano 2022 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".

Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 , código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".		TOTAL
Importe	2022	48.368,58 €
	48.368,58 €	

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 10/11/2022 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2022.





Orzamento xeral e actividades a desenvolver:

ACTIVIDADE		ORZAMENTO	DURACIÓN SEMANAS
Parte	Descrición		
01	Actuacións previas	4.071,57 €	2
02	Demolicións	3.384,35 €	2
03	Estructuras	1.179,82 €	4
04	Instalacións	4.197,09 €	2
05	Revestimentos	5.288,80 €	4
06	Carpintería	4.889,30 €	4
07	Cubiertas	8.964,14 €	4
XR	Gestión de residuos	1.616,55 €	12
Presuposto de execución material		33.591,62 €	
13,00 % Gastos xerais		4.366,91 €	
6,00 % Beneficio industrial		2.015,50 €	
Base Imponible		39.974,03 €	
21% I.V.E		8.394,55 €	
Presuposto Base de Licitación		48.369,58 €	

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa destes expedientes incorporaranse os seguintes informes:

- Informe da D.X de Orzamentos
- Informe da Asesoría Xurídica Xeral
- Informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector





público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Agader para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Agader, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Agader en virtude do apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O Consello de Dirección
P.D. (Acordo do 11.07.2013)
A directora xeral
Inés Santé Riveira

